Galicia Encantada

20 ANIVERSARIO 2005 2025

Enciclopedia de Fantasía Popular de Galicia

Xeografía mítica

CATEGORÍAS RELACIONADAS

O libro do crego de Ríoaveso

Pasou en Xeada, Rioaveso, Vilalba (Lugo). Cando había treboada, o crego collía un libro que tiña e lendo nel conseguía apartar a saraiba para que descargase nun camiño, onde non fixesen mal a ninguén.

Un día que o crego estaba en conversa cuns veciños das casas de Xeada, pousou o libro e un neno que pasou colleuno, e, sen dárense conta nin o crego nin os outros veciños, xa o viron erguerse no aire co libro na man, levitando.

O crego berroulle:

-¡Ah, pájaro, onde estás! ¡A ver se me podes mandar o libro aberto!

Conseguiu baixarlle o libro pero o neno seguía aló enriba. Entón, o crego púxose a ler no libro ó revés, moi despaciño, e o neno foi baixando a modo. Se le apurado ou pecha o libro, o neno baixaría de golpe e podíase matar.

BIBLIOGRAFÍA

Fonte:

Arquivo Chaira: Información de CORSINA PRADO RÍO, Campelas, Rioaveso, Vilalba. 9 de xuño de 1993.

Bibliografía:

CUBA, X. R., REIGOSA, A., «Xeografía mítica da provincia de lugo (I): Cen lugares con lenda», Croa, nº 8, 1998, pp. 42-63.